

I CERTAME DE RELATO CURTO EN IGUALDADE LONXA LITERARIA CONCELLO DE MOAÑA



CONCELLO DE MOAÑA

Lonxa Literaria

BASES I CERTAME DE RELATO CURTO en **igualdade** LONXA LITERARIA – CONCELLO DE MOAÑA.

Primeira: Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, sen límite de idade, sempre e cando os relatos teñan unha temática relacionada coa igualdade de oportunidades ou con calquera temática que poña o seu acento na visibilización da discapacidade, ou que o seu fío condutor sexa claramente o mundo da diversidade funcional ou sexual.

Segunda: Os relatos terán unha extensión máxima de 3.000 caracteres con espazos. Serán realizados obrigatoriamente en lingua galega. Deberán presentarse en formato DIN A4, mecanografados a dobre espazo, corpo de letra 12 e encabezados polo título ou lema. Os textos terán que ser orixinais, inéditos e non premiados en calquera outro tipo de concurso.

Terceira: Establécese unha única categoría cun premio de 300 euros.

Cuarta: As persoas que participen poderán presentar até un máximo de 3 relatos. Os orixinais enviaranse por correo electrónico a: igualdade@concellodemoaña.org. Neste correo especificarase: Asunto da mensaxe: I CERTAME DE RELATO CURTO en igualdade LONXA LITERARIA – CONCELLO DE MOAÑA.

Documentos que se xuntan: Hai que presentar dous documentos en formato PDF, o primeiro co nome do título ou lema conterá o relato presentado encabezado polo título ou lema escollido e o segundo será un documento que conteña un listado con: título ou lema do relato, nome e apelidos, DNI, enderezo, enderezo electrónico, teléfono e declaración xurada de aceptación das bases do certame e de que a obra presentada é orixinal e inédita

Quinta: O prazo de entrega dos relatos será até o 30 de novembro, ás 24:00h. O nome da persoa gañadora farase público unha vez estea resolto o certame. Comunicaráselle o ditame do xurado á persoa gañadora e posteriormente aos medios de comunicación. Darase conta do ditame do xurado na páxina Web e nas redes sociais do Concello de Moaña.

Sexta: O xurado estará integrado por dúas persoas relacionadas co mundo da literatura e unha persoa designada pola Lonxa Literaria de Moaña.

Sétima: O Concello de Moaña e a Lonxa Literaria resérvanse a posibilidade de editar o texto gañador.

Oitava: O acto de entrega do premio realizarase o sábado 19 de decembro no salón de plenos do Concello de Moaña. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases. A decisión do xurado será inapelábel.